

QUE DEBO TER EN CONTA ANTES DE PEDIR UN CRÉDITO AO CONSUMO?

Antes de pedir un crédito ao consumo,
pensa se de verdade necesitas facer esa compra.

Por exemplo:

- É necesario facer esa viaxe?
- De verdade necesito comprar a moto para evitar os atoaementos?

Tamén pensa como vas pagar esa compra.

**Que fago se quero comprar algo,
pero non podo pagalo todo de golpe?**

Se decides comprar algo
e non queres ou non podes pagalo todo dunha vez,
podes pagalo en **cotas mensuais**.

Iso significa pagar unha parte cada mes,
en lugar de facer un gran pagamento de golpe.

Para iso, podes pedir un **crédito ao consumo**.

Como escoller o mellor crédito ao consumo?

Cando xa decidiches facer a compra,
o seguinte paso é **elixir o crédito**
que mellor se adapte a ti.

Debes fixarte no seguinte:

1. A COTA MENSUAL

A **cota** é o diñeiro que vas pagar cada mes
para devolver o diñeiro que che prestou o banco
ou a entidade financeira.

Inclúe:

- O prezo do produto ou servizo que compraches.
- Os xuros que cobra o banco, si os houbese.
- Outros custos ou comisións do crédito, se os houbese.

Cando contratas un crédito ao consumo,
podes escoller en canto tempo devólvelo.

- Se o devolves en máis tempo,
as cotas serán máis baixas,
pero ao final pagarás máis xuros.
- Se o devolves en menos tempo,
as cotas serán máis altas,
pero ao final pagarás menos xuros.

Consello:

Axusta a cota ao que poidas pagarsegundo os teus ingresos e gastos.
Así evitarás problemas se tes algún gasto imprevisto.



2. O TEMPO PARA DEVOLVER O CRÉDITO

O tempo para pagar o crédito debe ter sentido co que compraches.

Por exemplo:

- Non ten sentido pagar unha viaxe durante 3 anos.
- Pero si pode ter sentido pagar un móbil en 12 meses.

3. O TIN E A TAE

- O **TIN** é o tipo de xuro nominal.
É dicir, é o prezo que o banco ou a entidade financeira che cobra por prestarche o diñeiro.
- A **TAE** é a taxa anual equivalente.
Nesta inclúese o TIN e outros custos e comisións que che cobra o banco ou a entidade financeira.